

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO  
PLENO O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2008**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Gumersindo A. Rguez. Liz

**CONCELLEIROS:**

Dna. Begoña González López  
Dna. Verónica Arias López  
D. José Rodríguez Pérez  
D. José López Díaz  
D. Pablo Armesto Rodríguez  
Dna. Yolanda Vázquez López.  
D. José Luis Díaz López  
Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial de O P3ramo (Lugo), sendo as 19,45 h. do d3a 25 de Setembro de 2.008, e baixo a Presidencia do sr. Alcalde D Gumersindo A. Rodríguez Liz, re3nese en 1<sup>a</sup> convocatoria o Pleno da Corporaci3n coa asistencia dos sres. Concelleiros expresados 3 marxe.

Da fe do acto, o Secretario-Interventor titular da Corporaci3n D. Antonio Lorenzo Morandeira.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, p3sase a an3lise dos puntos incluídos na orde do d3a.

**1.- APROBACI3N BORRADOR ACTA SESI3N ANTERIOR.-**

Pola Presidencia som3tese 3 aprobaci3n do Pleno o Borrador da Acta da Sesi3n anterior celebrada o d3a 9 de Setembro de 2008.

Interv3n o sr. Concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, D. Pablo Armesto Rodríguez e manifesta que a s3a abstenci3n no punto 2 da sesi3n era referida 3 proposta de designaci3n de representantes na Asociaci3n " Os Sete Castros " feita polo grupo popular e non

respecto da integración do concello na mesma, xa que estaba a favor.

Ao non formularse outras reclamacións nin observacións ao mesmo, queda aprobado o devandito Borrador na súa redacción inicial, por 6 votos a favor dos sres. concelleiros do Grupo Popular e Terra Galega e 1 abstención do sr. Concelleiro do Grupo Socialista, D. Pablo Armesto Rodríguez.

## **PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO :**

### **2.-RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA : DAR CONTA.**

En cumprimento do disposto na normativa vixente, dase conta ao Pleno das Resolucións adotadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria celebrada :

- Decreto da Alcaldía nº 28/2.008, do 8 de agosto, polo que se concede o disfrute de vacacións ao Secretario-Interventor titular dende o 11 de agosto ata o 29 de agosto, inclusives, e se desina ao mesmo tempo Secretario-Interventor con carácter accidental ao funcionario D. José Manuel Fernández Vázquez..

- Decreto da Alcaldía nº 29/2.008, do 8 de agosto, polo que se presta aprobación a diversas facturas , co conseguinte recoñecemento de obrigas, con cargo ás diferentes partidas do orzamento vixente.

- Decreto da Alcaldía nº 30/2.008, do 28 de agosto, polo que se acorda acollerse a unha orde de Agader e solicitar unha axuda económica por importe de 60.565 € , para obras de interés municipal.

- Decreto da Alcaldía nº 31/2008, do 3 de setembro, polo que se acorda prestar aprobación a diversas facturas, co conseguinte recoñecemento de obrigas, con cargo ás diferentes partidas do orzamento vixente.

- Decreto da Alcaldía nº 32/2008 do 3 de setembro, polo que se acorda solicitar ao Organismo Provincial unha

axuda económica para obras e equipamentos de carácter cultural.

- Decreto da Alcaldía nº 33/2.008, do 3 de setembro, polo que se acorda solicitar ao Organismo Provincial unha axuda económica para obras e equipamentos de carácter deportivo.

- Decreto da Alcaldía nº 34/2.008, do 3 de setembro, polo que se acorda solicitar ao Organismo Provincial unha axuda económica para a realización de actividades extraescolares.

- Decreto da Alcaldía nº 35/2.008, do 18 de setembro, polo que se presta aprobación a diversas facturas, co conseguinte recoñecemento de obrigas, con cargo ás diferentes partidas do orzamento vixente.

Queda decatado o Pleno da Corporación.

### **3.-MOCIÓNS GRUPOS MUNICIPAIS.**

Seguidamente dase conta ao Pleno das seguintes Mocións presentadas polo Grupo Municipal Popular :

1ª MOCIÓN.

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dña. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procede, polo Pleno na Corporación Municipal, a seguinte

#### **MOCIÓN:**

#### **SOBRE O PLAN TÉCNICO ESTATAL DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No Real Decreto 944/2005, de 29 de xullo, polo que se aprobou o Plan Técnico Estatal da televisión Dixital Terrestre, adiantouse ó cese das emisións da televisión terrestre con tecnoloxía analóxica ao 3 de abril de 2010, de xeito que, a partir deste dato, toda a televisión terrestre será con tecnoloxía dixital.

**O Plan Técnico prevé tres fases:**

1. 80% da poboación estatal antes do 31 de decembro de 2005.
2. O 90% da poboación estatal antes do 31 de decembro de 2008.
3. O 98% para as canles do ente público RTVE e 95% para o resto das televisións privadas da poboación estatal antes do 3 de abril do 2010.
- 4.

Sen embargo, este apagón analógico no 2010 non garante que os cidadáns do rural do noso país poidan ver a totalidade de canles públicos e privados aos que teñen aceso actualmente as cidades de Galicia.

A dispersión da poboación existente na nosa Comunidade implicaría problemas para que os usuarios de comarcas con menos habitantes poidan acceder aos canais de televisión privados que emiten actualmente en aberto en todo o territorio (Antena 3, Tele 5, Cuatro e a Sexta) ao mesmo tempo debemos sublimar que a escaseza inversora da Xunta impide que neste momento en moitas comarcas, vilas e pobos de Galicia teñan a cobertura necesaria para poder visualizar as canles autonómicas.

Por todo o exposto, como portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, someto á consideración do Pleno da Corporación Municipal e dos grupos políticos municipais a adopción dos seguintes ACORDOS:

Que o Concello de O Páramo se dirixa á Xunta de Galicia para:

1.- Que se adopten as medidas económicas necesarias por parte da Secretaría Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta para que se acade o Plan Nacional da TDT en todo o territorio do Municipio de O Páramo.

2.- Que se faga cumprir aos canles privados a cobertura do 95% nos prazos previstos no ámbito do noso Concello.

En O Páramo, a 31 de xullo de 2008.

**Asdo.) Dna. Begoña González López**

O sr. Alcalde xustifica a presentación desta Moción ante a necesidade de resolver os problemas actuais das deficiencias na recepción da sinal de TV no Municipio e que parecen ter a súa orixe na instalación do parque eólico.

O sr. concelleiro de Terra Galega, D. José Luis Díaz López, manifesta que ao seu xuízo esta moción non resolve o problema.

A concelleira do BNG, Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gi Castro, entende que o problema da mala recepción do sinal de TV en ocasións resólvese coa instalación da TDT e noutras ocasións coa reorientación da antena.

Sometido a votación, queda aprobada por unanimidade a devandita moción.

## **2ª MOCIÓN.**

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dna. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procede, polo Pleno na Corporación Municipal, a seguinte

MOCIÓN:

### **DURACIÓN JORNADA LABORAL**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día 10 de xuño, o Consello de Ministros da Unión Europea aprobou unha nova Directiva sobre a duración da xornada laboral que modifica substancialmente a aprobada en novembro do 2003.

A nova Directiva establece que, como norma xeral, a semana de traballo na Unión Europea debe ter 48 horas como máximo. Sen embargo se permitirá, en virtude de acordos individuais entre empresario e traballador, se poida alongar a xornada e elevar o teito ata as 60 horas por semana, e ata 65 horas no caso das gardas médicas.

As salvagardas introducidas na nova Directiva, inclúen que a adopción deste novo teito de 60 horas obedece a necesidades de sectores minoritarios e que só se adoptará de forma voluntaria trala negociación individual entre o traballador e o empresario, acordándose por escrito, e nunca o firmar o contrato, sendo especialmente chamativo o feito de que os contratos con duración inferior a 10 semanas, non terán limitación horaria.

O Grupo Municipal Popular de O Páramo non está de acordo cunha medida desta natureza e rexeitamos con contundencia esta directiva xa que entendemos que perjudica seriamente ao traballador e porque entendemos que os incrementos da produtividade deben basearse na tecnoloxía, na sociedade de información, na innovación, en I+D, e nunca basearse, na sobreexplotación no traballo nin nos baixos custes labarais.

Por todo o exposto, como portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, someto á consideración do Pleno da Corporación Municipal e dos grupos políticos municipais o debate e aprobación dos seguintes ACORDOS:

5. O Concello de O Páramo expresa o seu rexeitamento a proposta da Directiva Europea que pretende ampliar a xornada de traballo 60 horas, 65 en determinados sectores, por perjudicar seriamente os intereses sociolaborais dos traballadores.
6. O Concello de O Páramo manifesta a súa confianza en que a negociación colectiva siga a ser a vía e o eixo de xiro para acadar acordos no ámbito laboral e, en particular, para establecer a

7. O Concello de O Páramo insta a tódalas formacións políticas con representación no seno da Unión Europea e no seno do Parlamento Europeo a emprender as iniciativas oportunas para a non aprobación da nova Directiva.

En O Páramo, a 31 de xullo de 2008.

Asdo.) Dna. Begoña González López

Sometida a votación, queda aprobada por unanidade a devandita moción.

### **3ª MOCIÓN.**

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dna. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procede, polo Pleno na Corporación Municipal, a seguinte

#### **MOCIÓN: SOBRE AS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día 17 de abril entraron en vigor as Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro. Todos os sectores implicados están manifestando a súa oposición e adiantando os efectos negativos da mesma. Co obxectivo de evitalos o Grupo Municipal Popular presenta esta iniciativa par o seu debate no Pleno deste Concello de O Páramo.

As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o

Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que deben construír as novas vivendas.

Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992, e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexas portexidas ou de prezo libre.

Estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns; sen embargo, o Decreto de habitabilidade aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes perxuizos para os veciños.

Por suposto, o PPdeG está a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade da vivenda e do hábitat dos veciños, pero precisamente por iso, entende que este obxectivo se deber perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan o rexeitamento xeral.

A Constitución Española garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as Normas do Hábitat Galego aprobadas, suponen unha inxerencia e un ataque a autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal. Trátase, en consecuencia, dunha norma claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos

que se derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, parálise dos planeamentos en redacción (nomeadamente para os concellos que os estén a tramitar), exceso de reglamentación, discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma, etc.

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un “aluvión” de solicitudes de licenzas de construción antes da súa entrada en vigor.

Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous ditames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademáis de que pola súa imprecisión e ambigüedad xerarían inseguridade xurídica.

Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que neste Grupo Municipal recolleemos de todos e cada un deles. A FEGAMP ven de recoñecer explícitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.

Considerando, que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores productivos, o Concello de O Páramo veríase claramente perjudicado pola aplicación deste decreto. Os primeiros perjudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo das vivendas e que logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguinte

paralización dos sectores económicos esenciais. Asimesmo, a aplicación do decreto afectaría negativamente na recaudación municipal e consecuentemente frearía a capacidade prestadora de servizos deste concello.

Por todo o exposto, como portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, someto á consideración do Pleno da Corporación Municipal e dos grupos políticos municipais a adopción dos seguintes ACORDOS:

Que o Concello de O Páramo insta á Xunta de Galicia para:

1.- Derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos Galegos.

2.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Fegamp e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

En O Páramo, a 31 de xullo de 2008.

Asdo.) Dna. Begoña González López

O sr. concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Pablo Armesto Rodríguez, sinala a abstención do seu grupo.

A sra. concelleira do BNG, Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, manifesta o seu voto en contra da moción porque considera que estas normas son as que se necesitan desde fai tempo para vivir nnhas condicións más dignas.

Sometido a votación, queda aprobada a devandita moción por maioría absoluta, con 6 votos a favor dos sres. concelleiros do Grupo Popular e T.G, 2 abstencións dos sres. concelleiros do Grupo do PSdeG-PSOE e 1 voto en contra do representante do BNG.

#### **4º MOCIÓN.**

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dna. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procede, polo Pleno na Corporación Municipal, a seguinte

### **MOCIÓN: TARIFA ELÉCTRICA SOCIAL**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Ministro de Industria, Turismo e Comercio, Miguel Sebastián, vén de anunciar na Comisión de Industria do Congreso dos Deputados a aplicación dende o 1 de xullo da denominada “Tarifa eléctrica social”. Esta medida supón a creación dunha tarifa específica de “baixa potencia”, pola que os usuarios con subministro eléctrico contratado de ata 3 kilovattios non pagarán o chamado termo de potencia. Isto supón que a “Tarifa

potencia contratada e non estará vencellada proporcionalmente á renda dos consumidores.

No Concello de O Páramo, igual que o resto dos concellos da Galicia Bandeira, os contadores dos fogares e das explotacións son únicos, nun 90% dos casos ou máis, co que de acordo co que vén de dicir o ministro, canto máis se consume máis se vai a pagar. En consecuencia, un fogar de gandeiros vai pagar máis do que lle corresponderá por ter que soportar os equipos de muxido e de refrigeración do leite.

Esta situación, que afecta ás explotacións familiares, non así ás industriais, agudízase máis ao facerse efectiva tamén dende o 1 de xullo a desaparición da tarifa nocturna, posto que moitas explotacións gandeiras estaban funcionando con este tipo de tarifa.

A entrada en vigor da tarifa social supón unha nova e clara afronta do Goberno Central á Galicia interior, pero sobre todo á Comarca de Sarria, na que o sector agrogandeiro segue a ser un dos sectores productivos básicos da súa economía, inmersa nestes momentos xa nunha crise polo incremento substancial experimentado nos últimos meses no prezo do combustible.

Por ende, a aplicación desta nova tarifa é un exemplo máis da insolidariedade que está a promover o Goberno de Zapatero, que non fai máis q amedrentar o desequilibrio territorial que no caso galego é máis que acuciante, xa que en dous terzos de poboación viven na franxa cantábrico-atlántica, que supón un terzo do territorio galego.

Polas devanditas razóns, como portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, someto á consideración do Pleno da Corporación Municipal e dos grupos políticos municipais a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao Ministerio de Industria a que rectifique e dea marcha atrás na súa aplicación da denominada "tarifa social" e que introduza na nova regulación eléctrica algún tipo de medida que contemple condicións vantaxosas para o sector agrícola-gandeiro, e que ao mesmo tempo axude a incentivar o reequilibrio territorial.

2.- No caso último de ser irrenunciable a aplicación da devandita tarifa, pedir ao Ministerio a que suba o límite de 3 a 5,5 kw para ensanchar a base de usuarios aos que é aplicable ou que as explotacións gandeiras familiares con contador único teñan unha tarifa especial.

En O Páramo, a 31 de xullo de 2008.

Asdo.) Dna. Begoña González López

A sra. concelleira do BNG, Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, sinala a súa abstención neste tema porque non ten a información necesaria e tamén porque o PP non fixo nada no seu día para favorecer aos galegos , sendo esta comunidade unha das que mais enerxía producen.

O sr. concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Pablo Armesto Rodríguez, manifesta a abstención do seu grupo por falta dun estudio mais detallado.

O Sr. Alcalde, entende que se o Partido Popular estivera agora no Goberno podería facer esta actuación solicitada, xa que non se pode facer todo nun día.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación por maioría absoluta, con 6 votos a favor dos sres. concelleiros do Grupo Popular e de T.G., e 3 abstencións dos sres. concelleiros do Grupo do PSdeG-PSOE e BNG, acorda aprobar a devandita moción.

Neste intre abandoa a sesión o sr. concelleiro D. José Luis Díaz López.

## **5ª MOCIÓN.**

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dna. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procede, polo Pleno na Corporación Municipal, a seguinte

### **MOCIÓN:**

#### **EXTENSIÓN DA BANDA ANCHA EN O PÁRAMO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nunha década, Intenet converteuse nun pilar fundamental para o desenvolvemento social e económico na nosa Comunidade Autónoma: Xestión de explotacións gandeiras, expansión da administración, comunicación entre núcleos espallados, aí radica a verdadeira aposta polo reequilibrio territorial, pero desgraciadamente, Galicia segue avanzando nos vagóns de cola.

A Lei de Servizos da Sociedade da Información converteuse o acceso a Internet nun servizo universal, obrigando ás operadoras a garantir, dende hai máis de dous anos, que toda a poboación puidese conectarse á rede, pero na práctica isto aínda queda moi lonxe.

En 2005, o Programa Nacional de Extensión da Banda Ancha anunciaba o seu obxectivo de conseguir que a alta velocidade chegase a toda a poboación en tres anos, e mesmo o anterior goberno tiña programado que para o 2007 todos os Galegos terían acceso á banda ancha.

As condicións do servizo resúmense nos seguintes aspectos:

1. Prestacións técnicas mínimas: ancho de banda (rede-usuario/usuario-rede) 256 kbps/128kbps e calidade de servizo similar a oferta maioritaria en España na data da convocatoria do concurso.
2. Límites máximos de prezo (sen IVA):
  - Cota de alta: 39 €
  
  - Cota mensual de 39 € durante os 36 primeiros meses de contrato.
1. Reducidos custes iniciais e de instalación. Con acceso ADSL e no caso de tecnoloxías inalámbricas (Satélite o LMDS) baixo custe na instalación e configuración de equipo receptor de usuario.

O PEGSI sen embargo, recolle que a cuarta parte da poboación galega non ten aínda acceso a conexións de alta velocidade. Segundo o Galimap quedan aínda 90 concellos sen banda larga no seu territorio, case todos de menos de 5.000

A Disposición Adicional Segunda da Lei 56/2007, de 28 de Decembro, de Medidas de Impulso da Sociedade da Información, establece:

“O Goberno en colaboración coas Comunidades Autónomas, impulsará a extensión da banda larga co fin de conseguir, antes do 31 de decembro de 2008, unha cobertura de servizo universal de conexión á banda larga para tódolos cidadáns, independentemente do tipo de tecnoloxía utilizada en cada caso, e da súa ubicación xeográfica”.

Por todo o exposto, a portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dna. Begoña González López, presenta a seguinte proposta:

“O Pleno do Concello de O Páramo insta ao Goberno de Galicia a que desenvolva as actuacións necesarias en colaboración co Goberno Central para dar cumprimento ao mandata legal, e que o Concello de O Páramo teña o máis axiña posible, e sempre antes do 31 de decembro do 2008 un universal e efectivo servizo de Internet a través de banda larga”.

En O Páramo, a 31 de xullo de 2008.

Asdo.) Dna. Begoña González López

Sometida a votación, queda aprobada por unanimidade a devandita moción.

## **6ª MOCIÓN.**

BEGOÑA GONZÁLEZ LÓPEZ, Voceira do Grupo Municipal Popular no concello de O Páramo, de acordo coa normativa vixente, presenta para o seu debate e

aprobación se procece polo Pleno da Corporación Municipal a seguinte

## **MOCIÓN RELATIVA ÁS MELLORAS DO FERROCARRIL NA PROVINCIA DE LUGO**

Que se fundamenta na seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

É un feito constatado que os servizos de longa distancia que parten de Galicia con destino a Madrid, Cataluña e País Vasco, son moi deficientes, formados por trens obsoletos, tempos de viaxe inasumibles, frecuencias escasas, etc...

Se éste é o panorama en Galicia, na provincia de Lugo todavía faise máis patente esta situación. Mellorar os servizos de longo percorrido e as comunicacións dentro da nosa propia Comunidade, dotándoos de material máis moderno, con máis prestacións, e reducindo progresivamente os tempos de viaxe actuais, ó tempo que se cancelan os plans de supresión de liñas en servizo, son obxetivos da sociedade lucense que deberían ser compartidos e asumidos polo Goberno Central e o Autonómico.

A todo esto hai que engadir a exclusión de Lugo da chegada do AVE por parte do Goberno Central.

Polo indicado, é polo que se propón a adopción dos seguintes:

#### **ACORDOS:**

1.-Realizar a través de RENFE Operadora e ADIF os estudos necesarios, previos ás actuacións precisas, de cara a implantar en Lugo un servizo de tren ALARIS ou similar que cubra en horario diurno a liña A Coruña-Lugo-Monforte-Madrid.

2.-Incrementar as frecuencias e melloras de materiais nos servizos de cercanías entre Lugo e Monforte, e entre Lugo e A Coruña.

3.-Restablecer os servizos existentes entre Lugo e Cataluña e Lugo e País Vasco, con obrigar ás usuarias

4.-Impulsar as obras, dotando adecuadamente as partidas presupostarias correspondentes, que permitan a electrificacións da liña Monforte-A Coruña e situar a chegada do AVE a Lugo nos prazos comprometidos e acordados no Plan Galicia.

En O Páramo, a 22 de Setembro de 2008

A voceira do grupo popular no concello do Páramo.  
Asdo.) Begoña González López

A sra. concelleira do BNG, Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, manifesta que está a favor desta Moción, pero puntualizando. O ferrocarril é un tema pendiente en Galicia desde fai moitos anos. Por outra parte, hai vías que non se están aproveitando e por eso a necesidade de rentabilizar as infraestruturas existentes e renovar a maquinaria.

O sr. concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Pablo Armesto Rodríguez, sinala a abstención do seu grupo , xa que comparte ese retraso histórico , pero as obras están aí e vanse mellorando pouco a pouco.

O sr. Alcalde manifesta que agora mesmo as obras están case paralizadas por falta da financiación necesaria.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación por maioría absoluta, con 6 votos a favor dos sres. concelleiros do Grupo Popular e BNG, e 2 abstencións dos concelleiros do PSdeG-PSOE,acorda a aprobación da devandita Moción.

**7] MOCIÓN.**

**MOCIÓN PARA SOLICITAR AO GOBERNO A REFORMA URXENTE DA FINANCIACIÓN LOCAL**

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

#### Exposición de Motivos

A crise económica que padecemos, e cuxas manifestacións e consecuencias se amosan día a día, están a agravar aínda máis a sempre delicada situación das Facendas Locais.

A pesar de dispoñer de menos do 14% dos recursos públicos, os Concellos non teñen deixado en ningún momento, durante todos estes anos, de atender as demandas que os veciños lles viñan facendo, como administración que sinten máis cercana. Sería imposible imaxinar a Galicia sen o papel vertebrador, de cohesión e de atención ós cidadáns desenvolvido polos 315 Concellos galegos.

Pero agora a situación se torna crítica: a diminución da actividade urbanística en Galicia, que xa neste ano se sitúa no 35%, vai provocar que no 2008 os Concellos galegos deixen de percibir, cando menos, 20 millóns de Euros dunha fonte de recursos que representa máis dunha quinta parte do total dos seus ingresos, diminución que, sen lugar a dúbidas, será maior no vindeiro ano.

A situación non pode seguir así por moito máis tempo. A crise económica e urbanística, unida ás

créditos, sitúan ós Concellos galegos practicamente ó borde do abismo, e comprometen moi seriamente a continuación na prestación de servizos básicos ós nosos veciños.

Debemos evitar o colapso económico dos Concellos, e non debemos, dende logo, aumentar os impostos municipais, o que non faría se non aumentar aínda máis as dificultades económicas dos nosos veciños

Nembargantes, os pasos dados polo Goberno do Estado parecen indicar que a intención é exactamente a contraria: confirmando o adiantado polo Ministro Solbes, o avance dos Presupostos Xerais do Estado confirman que no ano 2009 os Concellos verán diminuída a súa participación nos Ingresos do Estado (case a cuarta parte dos ingresos totais dos municipios) en non menos dun 1,5 %, e que no caso dos Concellos galegos podería chegar a un 2%.

Pola súa banda, a realidade do Pacto Local asinado no ano 2006 amosa que o 90% dos compromisos económicos da Xunta cara os Concellos están sen executar, e só o modelo de participación nos ingresos da Xunta posto en marcha baixo a Presidencia de Manuel Fraga se está a manter.

Os nosos veciños reclaman a implicación do Goberno do Estado e do da Xunta para evitar a quebra dos Concellos.

Por todo isto, o Grupo Popular do Concello de O PARAMO presenta para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes

Primeiro: Esixir o compromiso do Presidente do Goberno de que aumentarán - con cifras reais e sen maquillaxes- as transferencias económicas do Estado ós Concellos, rectificando en consecuencia, de xeito inmediato, as previsións establidas no avance dos PGE.

Segundo: Reclamar ao Goberno o comezo inmediato das negociacións para reformar as facendas locais, vinculándoa, dacordo co compromiso adquirido polo Sr.Zapatero no seu Discurso de Investidura, á propia reforma do sistema xeral de financiación autonómica.

Terceiro: Se insta ao Goberno para que a futura Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos Concellos e das Deputacións Provinciais ao obxecto de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.

Cuarto: Esixir ao Goberno a creación urxente dun Consello Local de Política Financeira para tratar os temas de interese bilateral: actualización do catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.

Quinto: Solicitar aos Presidentes da FEMP e da FEGAMP a celebración dunhas Asambleas Extraordinarias que reivindiquen a reforma da financiación local, a súa estabilidade orzamentaria e o saneamento das facendas locais, de forma que os Entes Locais poidan garantir aos cidadáns os servizos que necesitan en condicións de igualdade e equidade, e para acadar o peso político e institucional que corresponde aos Entes Locais como

En O Páramo, a 22 de Setembro de 2008

A voceira do grupo popular no concello do Páramo.  
Asdo.) Begoña González López

- O sr. concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Pablo Armesto Rodríguez, manifesta a abstención do seu grupo por canto o Fondo de Cooperación Local da Xunta aumentou este ano, aínda que é certo que nos concellos do interior a crise inmobiliaria non afecta tanto. Deberíanse clarificar as competencias municipais e está de acordo en non asumir os concellos aquelas competencias impropias.

A sra. concelleira do BNG, Dña. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, sinala que está en contra desta Moción, xa que tanto o P.P coma o PSOE deberían ter en conta as particularidades de Galicia e así introducir criterios coma a dispersión dos núcleos . O actual sistema de financiación perxudica aos concellos pequenos.

Neste intre incorpórase á sesión o sr. concelleiro de Terra Galega, D. José Luis Díaz López.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación , por maioría absoluta, con 5 votos a favor dos sres. concelleiros do grupo popular, 3 abstencións dos sres. concelleiros do Grupo do PSdeG-PSOE e Terra Galega e 1 voto en contra da sra. concelleira do BNG, acordar prestar a súa aprobación á devandita moción.

## **8ª MOCIÓN**

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dna. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procede, polo Pleno na Corporación Municipal, a seguinte

MOCIÓN:

### **ENTRADA EN VIGOR DA LEI 9/2008 DO 28 DE XULLO DE MEDIDAS TRIBUTARIAS SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día 7 de agosto, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2008, sobre medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns de Galicia, que entrou en vigor o día 1 de setembro.

En primerio lugar é convinte recordar que a primeira reforma deste imposto foi acometida polo PPdeG cando gobernaba a Xunta de Galicia no ano 2002, (lei 3/2002 de 29 de abril de medidas de réxime fiscal e administrativo, e lei 7/2002 de 27 de decembro de medidas fiscais e réxime administrativo) convertindo a Galicia en comunidade autónoma pioneira en acometer rebaixas fiscais no imposto de sucesións e doazóns.

#### **REFORMA CATIVA E INSUFICIENTE**

Pola contra, e a pesar dos esforzos propagandísticos da actual Xunta de Galicia por dar a entender outra cousa, o certo é que as medidas tributarias acometidas neste imposto na súa recente

destacan é por ser insuficientes, incompletas e discriminatorias respecto ás comunidades autónomas case todas gobernadas polo PP, nas que este imposto xa non existe.

Así, moitos Galegos e galegas xa se viñan beneficiando dende o ano 2002 de rebaixas impositivas presentadas agora como novidades, como o caso das transmisións das pequenas e medianas empresas.

O alcance, máis propagandístico que real da reforma se evidencia nas propias cifras, nos números. Así, o impacto económico da reforma revela que a perda de recaudación prevista é apenas dun 35%, moi lonxe do 90% que a Xunta de Galicia intenta “vender”.

#### REFORMA INCOMPLETA

Deste xeito, cando casi o 70% das C.C.A.A. teñen suprimido de feito o imposto, entre os membros da unidade familiar básica, en Galicia seguimos tendo que tributar. A día de hoxe, once Comunidades Autónomas xa suprimiron o imposto de sucesións e doazóns: Cantabria, A Rioxa, Baleares, Castela e León, Castela A Mancha, Madrid, Murcia, Valencia, Canarias, País Vasco e Navarra. Por conseguinte, os Galegos e galegas seguimos a estar en peor posición respecto os cidadáns de aqueles territorios que xa non tributan, que son máis de 23 millóns en todo o Estado.

As doazóns de pais a fillos seguen gravadas na súa totalidade, constituíndo un motivo dos patrimonios familiares.

Por elo, a reforma non soluciona o principal problema que tiña este tributo, posto que aínda

comunidades onde practicamente é gratis heredar.

#### REFORMA DISCRIMINATORIA

A nova norma, trata de xeito distinto aos que son iguais e iguala aos que son diferentes.

Ademais da discriminación territorial, é discriminatoria no trato persoal aos contribuíntes, pois trata de xeito distinto a aqueles que teñen os mesmos dereitos derivados da mesma situación xurídica (porque ocupan a mesma posición na liña hereditaria), e polo tanto deberían ser tratados de igual xeito.

Polo anteriormente exposto, como portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, presento a seguinte moción para a súa consideración e aprobación polo Pleno do Concello de O Páramo.

Instar a Xunta de Galicia para que se amplíen as exencións no pago do imposto sobre sucesións e doazóns ata lograr na práctica, a supresión total deste gravame, como xa fixeron outras Comunidades Autónomas de España.

En O Páramo, a 20 de setembro de 2008.

Asdo.) Dña. Begoña González López

Aberto o turno de intervencións, a sra. concelleira do BNG manifesta o seu voto en contra desta moción por canto debense introducir esas reducións e exencións en determinados casos. No se pode tratar de xeito igual aos máis pobres e aos máis ricos. O Imposto é pois necesario e debe depender da cuantía do patrimonio do causante.

O sr. concelleiro de Terra Galega entende que sería mellor establecer tramos en función da cuantía do patrimonio.

O sr. Alcalde sinala que coa moción preténdese dar un trato igualatorio respecto doutras Comunidades Autónomas e para evitar así o traslado das empresas duns territorios a outros.

O Sr.concalleiro do PSdeG-PSOE, D. Pablo Armesto Rodríguez , manifesta a abstención do seu grupo. Entende a postura do sr. Alcalde, pero o espírito inicial da Lei era igualar a todos , pero logo distorsionouse polas diferentes actuacións das distintas Comunidades Autónomas.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, con 5 votos a favor dos concelleiros do Grupo Popular, 3 abstencións dos concelleiros do PSdeG-PSOE e Terra Galega e 1 voto en contra do representante do BNG, acorda aprobar a moción presentada.

## **9ª MOCIÓN**

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dña. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procede, polo Pleno na Corporación Municipal, a seguinte

### **MOCIÓN:**

Interesar da Administración Autonómica a permeabilidade de paso os servizos derivados da

ante o suposto de que abrangan a ambos lados do Corredor Nadela-Sarria, na zona do túnel ou cruce coa estrada provincial, na parroquia de Moscán.

PRIMEIRO.- Entre os veciños de Moscán parece que surxe algún promotor a idea de que a zona industrial se situase ó sur do devandito Corredor Nadela-Sarria. Aínda que o desexo deste equipo de goberno sempre foi de que éste estivese centrado entre dita nova vía (Corredor Nadela-Sarria) e a futura Estación de Ferrocarril, que como sabemos se vai facer no norte do pueblo de Moscán.

SEGUNDO.- Aínda que esto fose así, e seguise mantendo a actual ubicación da zona industrial que figura no Proxecto de Planeamento que estamos a tramitar, non podemos pensar que algún día non será precisa unha futura ampliación de dita zona industrial, absorvendo ámbolos dous lados de dito corredor. Neste suposto sería preciso o cruzamento de servizos subterráneos que comunicasen o Polígono Industrial entre ámbolos dous lados do Corredor Nadela-Sarria, como son os de auga, luz, teléfono, saneamento, entre outros posibles.

É por isto que nos leva a presentar esta iniciativa ante o Pleno da Corporación Municipal de O Páramo, propoñendo que se tome o acordo de interesar da Consellería de Obras Públicas da Xunta de Galicia a permeabilidade de paso para eses servizos entre ámbolos dous lados do Corredor Nadela-Sarria, na zona do recente construído "Túnel" no cruce coa estrada provincial Puebla de San Julián- Páramo, posto que o servizo de augas residuais que non corren cara arriba, nin se pode pasar de forma aérea, quedaría encerrado sin ningunha posibilidade de sacalo de alí, pois o

corredor, recentemente construído e aínda sin entregar ó uso público.

Por todo isto, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do correspondente acordo, e que este se remita ó Presidente da Xunta de Galicia, a Consellería de Obras Públicas e a Delegación Provincial de Lugo de dita Consellería, así como a Deputación Provincial, para que se interese neste mesmo sentido ante a Xunta de Galicia.

En O Páramo, a 20 de setembro de 2008.

**Asdo.) Dna. Begoña González López**

O Sr. Alcalde defende a presentación da Moción por canto no momento actual están a punto de finalizar as obras do Corredor Nadela-Sarria e parécelle oportuno tomar agora este acordo de solicitar o cruzamento dos servizos co fin de evitar así que se hipoteque a parte sur desa estrada ante unha posible ampliación do solo industrial.

O sr. concelleiro de Terra Galega, manifesta que xa é tarde dado o estado das obras e ademais non ten sentido asumir agora posturas veciñas sen consensuar sobre a ubicación dunha futura ampliación do polígono industrial. No seu caso, e se fose preciso, non veí problema técnico para no futuro poder realizalo.

Finalmente o Pleno da Corporación por unanimidade acorda deixar este tema sobre a mesa ata unha próxima sesión.

## **MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PÚBLICO NAS CORPORACIÓN S LOCAIS.**

O Grupo Municipal do Partido Popular do Páramo, ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da corporación municipal esta MOCIÓN con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia padece unha situación de crise económica caracterizada por unha caída moi rápida do crecemento económico. En só 9 meses pasamos de crecer cerca dun 4% á practicamente a metade: o 2,4%.

Ao frearse a actividade económica aumentan o número de despedidos e diminuen as contratacións. A maior perda de benestar para as familias provén da perda dun soldo, que en ningún caso se compensa co seguro de desemprego. E neste últimos 12 meses en Galicia o número de parados aumentou en case 13000 persoas.

Asimesmo, a calidade de vida de moitas familias galegas empeorou considerablemente nos últimos anos, debido a suba - case continua dende finais de 2005- dos tipos de interés das hipotecas, a suba dos alimentos de primeira necesidade, e doutros productos básicos como a electricidade ou o petróleo.

Ante esta situación de crise económica, as entidades locais, como administración máis cercana ó cidadán, non poden recortar os gastos sociais, pero si poden aplicar medidas de aforro e austeridade nas partidas orzamentarias relativas aos soldos e dietas dos cargos públicos, aos gastos corrientes, así como axustar e revisar a oportunidade das liñas de subvención aprobadas nestes últimos anos.

Por todo isto, o Grupo Popular do concello do Páramo presenta para a súa aprobación polo Pleno o seguinte

ACORDO:

Na elaboración do proxectos de Orzamentos para o exercicio 2009 se cumprirán os seguintes criterios:

1.- Conxelación de todos os soldos dos cargos públicos, alcaldes, concelleiros e asesores. Asimesmo, conxelación das retribucións en concepto de dietas e asistencias a órganos colexiados, así como das asignacións para o funcionamento dos grupos municipais.

2.- Reducción dos gastos de protocolo e representación.

3.- Elaboración do Plan de axuste do Gasto Corrente, co obxectivo de, cando menos, conxelar o importe destes capítulos e co horizonte desexable de acadar ata o 10% de aforro, para elo se fará un especial fincapé na redución dos gastos de materiais, subministros, consumibles, etc...

4.-Presupuestación dos ingresos baixo os criterios de máximo rigor e prudencia, realizando un seguimento constante da súa evolución ao longo do exercicio, para poder adaptar as previsións á realidade de xeito permanente. O presuposto de gastos non medrará por riba do incremento que rexistre o PIB nominal. En todo caso, calquera variación das previsións dos ingresos esixirá a inmediata adopción dos correspondentes axustes nos orzamentos de gastos.

5.- Revisión da necesidade e oportunidade das liñas de subvención previstas, realizando os axustes que sexan viables. En ningún caso se recortarán subvencións de carácter social nin aquelas que incentiven de xeito directo a actividade económica. Nos restantes casos, conxelárase o importe das subvencións de gasto corrente ou, no seu defecto, minoráranse na mesma porcentaxe na que teñan diminuído os ingresos correntes cos que éstas se poidan estar financiando.

6.- Non se recurtarán, en ningún caso, as partidas orzamentarias destinadas a atender gastos sociais.

En O Páramo, a 22 de Setembro de 2008

A voceira do grupo popular no concello do Páramo.  
Asdo.) Begoña González López

Sometida a votación queda aprobada ,por unanimidade, a devandita moción.

#### 4.-ROGOS E PREGUNTAS.

##### **ROGOS:**

- O sr. Concelleiro de Terra Galega, D. José Luis Díaz López, reitera o rogo formulado na sesión ordinaria anterior para que se arranxe canto antes o " camiño da fonte " no lugar de Santa Andrea.

##### **PREGUNTAS:**

- O sr. concelleiro do Grupo do PSdeG-PSOE, D Pablo Armesto Rodríguez, pregunta ao sr. Alcalde polo destino das facturas de honorarios a favor de D. Antonio Díaz Fuentes , aprobadas na Resolución da Alcaldía nº 29/2008 e tamén polo destino da axuda solicitada á AGADER según a Resolución da Alcaldía nº 30/2008.

Polo sr. Alcalde contéstase que esas facturas de honorarios de abogado corresponden a gastos de defensa e asistencia xurídica con motivo de actuacións municipais de fai xa algúns anos . Por outra parte, a axuda solicitada a AGADER era para o acondicionamento de Praza Pública e Parque Infantil do Campo da Feira. Esta axuda económica para esta actuación xa se solicitara a outros Organismos coma a Consellería de Innovación e Industria e non atopara resposta favorable.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 21,55 horas do día ao principio indicado , de todo o

